

# SEN PARTITURA

## CONCERTOS DIDÁCTICOS PARA VIOLÍN, PERCUSIÓN, CORPO E VOZ

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

18 maio 2026

Lugar: Auditorio

De balde con inscrición previa

Horarios: 10:30 h. Primeira quenda

12:00 h. Segunda quenda

Duración: 1 hora

Esta actividade, que está enmarcada na celebración do Día Internacional dos Museos, ten como obxectivo principal achegar a creación contemporánea ao alumnado de educación primaria e despertar a súa curiosidade pola arte do noso tempo.

Cando nos expoñemos a unha obra de arte, sexa pintura, escultura, música ou danza, poden xurdir unha serie de preguntas: Que significa? Que nos queren dicir as artistas? Entendo esta peza? É unha obra boa ou mala? Isto é arte? Se ademais falamos de arte contemporánea, estas e outras interrogantes tórnanse máis habituais. Pero... e se o problema está nas preguntas? Neste concerto propoñemos facer o camiño ao revés: imos amosar como traballan os artistas desde o inicio dunha peza, poñendo o foco non no resultado final, senón no impulso inicial que lle dá orixe á obra e no proceso. Será un concerto multidisciplinario no que algunhas das persoas integrantes da *ensemble* non pertencen ao ámbito musical. Entendendo o corpo como un instrumento máis, convidamos a catro músicos e a dúas bailarinas a formar parte desta agrupación.

O concerto articularase mediante a técnica de vangarda Soundpainting ideada por Walter Thompson como unha ferramenta para a composición en tempo real. O director da formación comunicará co grupo mediante unha linguaxe de signos específica que servirá tanto para improvisar sons e movementos como para crear unha acción en escena. A intensidade, a duración, a emoción, o volume, o modo, os desprazamentos, o uso do espazo, os elementos ou as persoas implicadas estarán determinados por unha combinación de xestos que as persoas asistentes irán identificando pouco a pouco.

O público terá a oportunidade de vivir en directo a construción de diversas pezas e de participar no proceso de composición dun xeito ameno, práctico e dinámico.

Os integrantes deste sexteto son María José Pámpano (violín), LAR Legido (percusión e obxectos sonoros), Estefanía Gómez e Alba Fernández Cotelo (corpo en movemento), Rubén Fernández (voz) e Xacobe Martínez Antelo (dirección).

MARÍA JOSÉ PÁMPANO combina a interpretación musical coa investigación e a xestión cultural. Violinista, violista e fidulista formada no Conservatorio Superior de Música de Vigo e especializada en interpretación historicamente informada na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo do Porto, desenvolve



Esta actividade, que está enmarcada en la celebración del Día Internacional de los Museos, tiene como objetivo principal acercar la creación contemporánea al alumnado de educación primaria y despertar su curiosidad por el arte de nuestro tiempo.

Al enfrentarnos a una obra de arte, ya sea pintura, escultura, música o danza, pueden surgir una serie de preguntas: ¿Qué significa? ¿Qué nos quieren decir los artistas? ¿Entiendo esta pieza? ¿Es una obra buena o mala? ¿Esto es arte? Si además hablamos de arte contemporáneo, estos y otros interrogantes son todavía más frecuentes. Pero... ¿y si el problema está en las preguntas? En este concierto proponemos hacer el camino a la inversa: mostraremos cómo trabajan los artistas desde el inicio de una pieza, poniendo el foco no en el resultado final, sino en el impulso inicial que da origen a la obra y en el proceso. Será un concierto multidisciplinar en el que algunas personas integrantes del *ensemble* no pertenecen al ámbito musical. Entendiendo el cuerpo como un instrumento más, invitamos a cuatro músicos y dos bailarinas a formar parte de esta agrupación.

El concierto se articulará mediante la técnica de vanguardia Soundpainting ideada por Walter Thompson como una herramienta para la composición en tiempo real. El director de la formación se comunicará con el grupo mediante un lenguaje de signos específico que servirá tanto para improvisar sonidos y movimientos como para crear una acción en escena. La intensidad, la duración, la emoción, el volumen, el modo, los desplazamientos, el uso del espacio, los elementos o las personas implicadas estarán determinados por una combinación de gestos que los asistentes irán identificando poco a poco.

El público tendrá la oportunidad de vivir en directo la construcción de diversas piezas y de participar en el proceso de composición de manera amena, práctica y dinámica.

Los integrantes de este sexteto son María José Pámpano (violín), LAR Legido (percusión y objetos sonoros), Estefanía Gómez y Alba Fernández Cotelo (cuerpo en movimiento), Rubén Fernández (voz) e Xacobe Martínez Antelo (dirección).

MARÍA JOSÉ PÁMPANO combina la interpretación musical con la investigación y la gestión cultural. Violinista, violista y fidulista formada en el Conservatorio Superior de Música de Vigo y especializada en interpretación históricamente informada en la Escuela Superior de Música y de las Artes de Oporto, desarrolla

unha traxectoria marcada pola versatilidade e a actividade artística. Lidera iniciativas como Concerto das Donas e forma parte de agrupacións como Orquestra Galega de Liberación, Ensemble Liberdade ou Suelen Estar Quartet, pioneiro na improvisación libre con instrumentos clásicos.

LAR LEGIDO combina a batería coa improvisación libre e a investigación sonora. Formouse no Centro de Encontro para o Desenvolvemento da Improvisación (CEDI) en Madrid e orientou o seu traballo cara á experimentación. Pioneiro da improvisación libre en Galicia, fundou o grupo Parto e desenvolveu proxectos como o Aquófono. Colabora na creación do Centro de Novas Tecnoloxías do Pico Sacro e da Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.G.A.). Cunha intensa actividade artística, combina o seu labor docente con concertos e *performances*, relacionando a batería con estruturas non convencionais en proxectos como Sumrrá ou Malandrómeda.

ESTEFANÍA GÓMEZ e ALBA FERNÁNDEZ COTELO combinan a danza coas artes escénicas. Bailarinas, coreógrafas e docentes galegas, son directoras da Compañía de Danza Exire desde 2016. Con ampla traxectoria en danza contemporánea e urbana, fundaron a súa compañía tras anos de experiencia no ámbito escénico galego, creando pezas propias e colaborando con outras compañías e entidades.

RUBÉN FERNÁNDEZ é intérprete vocal, compositor e multi-instrumentista. Graduado superior e máster pola ESMUC (Escola Superior de Música de Cataluña) na especialidade de jazz, ten unha ampla traxectoria de interpretación, improvisación e composición nos eidos da *performance* e das artes escénicas por todo o territorio peninsular e europeo. É docente en varios conservatorios en Galicia de música moderna e jazz.

XACOBÉ MARTÍNEZ ANTELO é músico, emprendedor e activista cultural. De formación ecléctica e autodidacta, aparece en máis de cincuenta traballos discográficos que van desde o jazz, o rock, a música tradicional e o teatro ata as músicas do mundo. Vén sendo unha figura imprescindible na escena musical galega dos últimos vinte e cinco anos e, no eido da divulgación, desenvolve concertos didácticos e clases maxistras desde hai máis de vinte anos. Son seus proxectos como Sumrrá, Orquestra Galega de Liberación, Martelo ou a dirección musical e sonora do Grupo Chévere.

**DESTINATARIOS:** Grupos de escolares do primeiro e segundo ciclo de educación primaria.

**INSCRIPCIÓN:** O prazo de inscrición estará aberto do 14 de abril ao 12 de maio de 2026. Os centros interesados deberán enviar unha mensaxe electrónica a [cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal) cos seguintes datos: nome do centro, número de participantes, curso ou idade, número de teléfono, enderezo electrónico e nome da persoa responsable do grupo. As prazas cubriranse por orde de inscrición e os centros solicitantes recibirán unha notificación do estado da súa solicitude por correo electrónico.

**PRAZAS:** 250 por quenda

una trayectoria marcada por la versatilidad y la actividad artística. Lidera iniciativas como Concerto das Donas y forma parte de agrupaciones como Orquestra Galega de Liberación, Ensemble Liberdade o Suelen Estar Quartet, pionero en la improvisación libre con instrumentos clásicos.

LAR LEGIDO combina la batería con la improvisación libre y la investigación sonora. Se formó en el Centro de Encuentro para el Desarrollo de la Improvisación (CEDI) en Madrid y orienta su trabajo hacia la experimentación. Pionero de la improvisación libre en Galicia, fundó el grupo Parto y ha desarrollado proyectos como el Aquófono. Colabora en la creación del Centro de Novas Tecnoloxías do Pico Sacro y de la Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.G.A.). Con una intensa actividad artística, combina su labor docente con conciertos y *performances*, relacionando la batería con estructuras no convencionales en proyectos como Sumrrá o Malandrómeda.

ESTEFANÍA GÓMEZ y ALBA FERNÁNDEZ COTELO combinan la danza con las artes escénicas. Bailarinas, coreógrafas y docentes gallegas, son directoras de la Compañía de Danza Exire desde 2016. Con amplia trayectoria en danza contemporánea y urbana, fundaron su compañía tras años de experiencia en el ámbito escénico gallego, creando piezas propias y colaborando con otras compañías y entidades.

RUBÉN FERNÁNDEZ es intérprete vocal, compositor y multi-instrumentista. Graduado Superior y máster por la ESMUC (Escuela Superior de Música de Cataluña) en la especialidad de jazz, posee una amplia trayectoria en interpretación, improvisación y composición, en los campos de la *performance* y las artes escénicas por todo el territorio peninsular y europeo. Es docente en varios conservatorios de música moderna y jazz en Galicia.

XACOBÉ MARTÍNEZ ANTELO es músico, emprendedor y activista cultural. De formación ecléctica y autodidacta, participa en más de cincuenta trabajos discográficos que van desde el jazz, el rock, la música tradicional y el teatro hasta las músicas del mundo. Es una figura imprescindible en la escena musical gallega de los últimos veinticinco años y, en el ámbito de la divulgación, desarrolla conciertos didácticos y clases magistrales desde hace más de veinte años. Sus proyectos incluyen Sumrrá, Orquestra Galega de Liberación, Martelo y la dirección musical y sonora del Grupo Chévere.

**DESTINATARIOS:** Grupos escolares del primer y segundo ciclo de educación primaria.

**INSCRIPCIÓN:** El plazo de inscripción estará abierto del 14 de abril al 12 de mayo de 2026. Los centros interesados deberán enviar un correo electrónico a [cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal) con los siguientes datos: nombre del centro, número de participantes, curso o edad, número de teléfono, correo electrónico y nombre de la persona responsable del grupo. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción y los centros solicitantes recibirán una notificación del estado de su solicitud por correo electrónico.

**PLAZAS:** 250 por turno



DEPARTAMENTO DE  
ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703, Santiago de Compostela • Tel.: 981 546 602/31 • [cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal) / [www.cgac.xunta.gal](http://www.cgac.xunta.gal)

